Introdución ao Novo Testamento

Introdución ao Novo Testamento

Bibliografía:

AGUIRRE MONASTERIO, R., – RODRÍGUEZ CARMONA, A., *Evangelios Sinópticos y Hechos de los Apóstoles* (IEB 6; Estella: Verbo Divino, ²2012).

ÁLVAREZ CINEIRA, D., *Qué se sabe de… La formación del Nuevo Testamento* (Estella: Verbo Divino, 2015).

BARTOLOMÉ, J. J., *Pablo de Tarso* (Madrid: CCS, 2010).

BROWN, R.E., *Introducción al Nuevo Testamento*, II, (MADRID: TROTTA, 2002)

CARBAJOSA, I. – GONZÁLEZ ECHEGARAY, J. – VARO, F., *La Biblia en su entorno* (Estella: Verbo Divino, 2013).

CHARLESWORTH, J. H., (ed.), *Jesús y la arqueología* (Estella: Navarra, 2009).

CHARPENTIER, E., *Para leer el Nuevo testamento* (Estella: Verbo Divino, 2002).

MARGUERAT, D., (ed.), Introducción al Nuevo Testamento (Bilbao: Desclée de Brouwer, 2008)

PÉREZ, M. – TREBOLLE, J., *Historia de la Biblia* (Madrid: Trotta, 2006).

TUÑÍ VANCELLS, J.O., – ALEGRE SANTAMARÍA, X., *Escritos joánicos y cartas católicas* (IEB 8; Estella: Verbo Divino, ²2022).

Introdución ao Novo Testamento

I.- Cuestións introdutorias

1.Contexto histórico
2.O texto
3.O canon
4.Arqueoloxía

II.- Sinópticos

1.Orixe e natureza
2.Marcos
3.Mateo
4.Lucas e Feitos

III.- Cartas Apostólicas

1.Vida de Paulo
2.Cartas paulinas
3.Cartas Católicas

IV.- Corpus Xoánico

1.Evanxeo segundo Xoán
2. Cartas de Xoán
3. Apocalipse

Contexto histórico do NT

Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- Entre a conquista de Pompeio e a revolta de Bar Kokhba vívese unha época de gran densidade de acontecementos: nacemento do xudaísmo rabínico e do cristianismo
- Neste período transcorre a vida de Xesús de Nazaret

Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **Desde a conquista romana ata o reinado de Herodes**
  - No ano 63 a.C. pódese dicir que Palestina era unha rexión fondamente helenizada nas cidades
  - A poboación rural de Galilea e Samaría conservaba os modos tradicionais e mantiñan a separación entre xudeus e samaritanos
  - En Xudea mantiña a súa preeminencia o xudaísmo pero cunha grande influencia das ideas helenistas
  - As grandes cidades eran maioritariamente de poboación, cultura e lingua grega (agás Xerusalén)



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **Desde a conquista romana ata o reinado de Herodes**
  - Pompeio deixa como rexente a Hircano II conservándolle o título de sumo sacerdote, pero coa obriga de pagar tributo e quitándolle o título de rei (etnarca) e nomeou ao home forte do país, Antípatro, gobernador de Xudá
  - No ano 40 a.C. os partos rebeláronse contra Roma e puxeron como rei en Xerusalén a Antígono (40-37 a.C), fillo de Aristóbulo II, pretendente saduceo ao trono asmoneo
  - Antígono cortoulle as orellas a Hircano II e asumiu o sumo sacerdocio
  - Un dos fillos de Antípatro chamado Herodes, fuxiu a Roma e tras convencer ao Senado para nomealo rei de Xudá, reconquistou, con axuda romana, Xerusalén no 37 a.C



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **O reinado de Herodes o Grande:**
  - No reinado de Herodes o grande (37-4 a.C.) pódense distinguir tres períodos:
    1. Consolidación do poder
    2. Prosperidade e apoxeo
    3. Problemas familiares e loitas de sucesión
  - Herodes foi un gran promotor de construcións: a cidade de Cesarea e o seu porto, reconstruíu Samaría (Sebaste) e fixo varias fortalezas e restaurou as xa existentes
  - En Xerusalén edificou a fortaleza Antonia, un teatro, un anfiteatro, un hipódromo, un palacio pero sobre todo a súa obra máis importante foi o engrandecemento do Templo (22 a.C-62 d.C)
  - Foi un excelente gobernador aínda que cun talante tiránico



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **O reinado de Herodes o Grande:**
  - Reformou o Sanedrín, que pasou a estar presidido polo rei, o cargo de Sumo Sacerdote deixou de ser vitalicio e hereditario e de ter influxo na esfera política
  - A meirande parte do seu reinado foi un período de paz e prosperidade, con gran prosperidade económica
  - Trala súa morte (4 a.C) varios líderes locais sublevároronse o máis importante foi Xudas que chegou a conquistar Séforis, pero foi reconquistada polos romanos pouco tempo despois sendo incendiada e escravizados os superviventes



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **Desde a morte de Herodes ata o comezo da guerra**
  - Octavio Augusto respectou o testamento de Herodes e dividiu o seu reino entre tres dos seus fillos:
    - **Herodes Filipo** (Gaulanítide e Traconítide): foi un bo gobernante de talante helenístico e tolerante. Reconstruíu Betsaida a que chamou Xulia e refundou Panión á que chamou Cesarea de Filipo. Morreu no 34 d.C.
    - **Herodes Antipas** (Galilea e Perea): Fundou Tiberíades como capital á beira do lago de Xenesaret. Foi un rei moi contestado polo luxo da corte e as escasezas do pobo. Por querer facerse cos territorios do seu irmán Filipo, foi desterrado ás Galias. Morreu alí no 39 d.C
    - **Arquelao** (Xudea, Samaría e Idumea): no ano 6 d.C. Augusto desterrouno ás Galias por incompetente. Tras a súa destitución, Augusto encarga ao gobernador de Siria, Quirino, facer un censo. Sucedeuno un gobernante romano (prefecto ou procurador).



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **Desde a morte de Herodes o comezo da guerra**
  - Na vida de Xesús o gobernante romano máis importante foi Poncio Pilato (26-36 d.C.), entendeuse ben co Sumo Sacerdote Caifás (18-36 d.C.)
  - Unha lápida atopada en Cesarea, a capital de Xudea, deixa constancia de que gobernaba co título de Prefecto
  - Filón de Alexandría fálanos del como un personaxe violento e cruel, autor de numerosas brutalidades e homicidios sen proceso
  - En Galilea, tralo desterro de Herodes Antipas comezou a reinar Herodes Agripa I que a partir do 41 d.C. tamén reinaría sobre Samaría Xudea e Idumea, pero morreu repentinamente no ano 44 d.C., como di Feit 12,21-23:

    No día sinalado, Herodes, revestido co manto real e sentado na tribuna, dirixiulles un discurso. O pobo berraba: "é a voz dun deus, non a dun home!" E no intre feriuno o anxo do Señor por non ter dado gloria a Deus. Morreu comesto dos vermes.



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **Desde a morte de Herodes o comezo da guerra**
  - Os últimos procuradores romanos foron cada vez máis corruptos e só buscaban o seu interese
  - O derradeiro foi Gesio Floro (64-66 d.C.) que quixo facerse co tesouro do templo comezando así a revolta xudía
  - A situación do pobo non era boa debida ao mal goberno e as secas e epidemias (mendigos e bandoleiros)
  - Roma non tiña forzas de ocupación importantes. Simplemente Cesarea Marítima e algunha fortalezas illadas en puntos estratéxicos. O poder real estaba en mans dos gobernadores locais



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **As guerras xudías**
  - O conflito de Xerusalén pasou a Cesarea e en pouco tempo a toda Palestina
  - Nerón encargoulle a campaña a Vespasiano que conseguiu dominar a zona de Galilea (68 d.C.), comandada militarmente por Flavio Xosefo
  - Vespasiano retirouse a Roma para ser nomeado emperador e tomou o mando das tropas o seu fillo Tito que conquistaría Xerusalén no ano 70 d.C.
  - Toda Xudea e Xerusalén quedaron en ruínas



Palestina romana (63 a.C.-135 d.C.)

- **As guerras xudías**
  - Tras décadas de tranquilidade a tensión explotou pola decisión de Adriano de romanizar Xerusalén: cambiarlle o nome (Aelia Capitolina, 131 d.C.), no templo edificouse un templo a Xúpiter e prohibiuse a circuncisión e o sábado
  - A resposta xudía capitaneouna Simón Bar Kosiba, que o rabí Aqiba denominou Bar Kokhba (fillo da estrela) identificándoo como o Mesías
  - Venceu a varias lexións romanas, declarouse independente, proclamouse Nasí (príncipe) e acuñou moeda
  - O seu movemento caracterizouse por un cumprimento estrito da Torá
  - Os romanos conseguiron derrotalo no 135 d.C.
  - Os rabinos comezaron a chamarlle Bar Koziba (fillo da mentira)
  - Adriano foi aínda máis duro cos xudeus: cambioulle o nome á provincia romana (de Xudea pasa a Palestina) e



Contexto histórico: Cronoloxía

- **Preliminares:**
  - Na historia Antiga meirande parte das datas son aproximadas (incluso en emperadores)
  - Non sabemos cando naceron nin cando morreron nin Herodes Antipas, nin Poncio Pilato
  - Datos fiables:
    - ✓ Executado durante o mandato de Poncio Pilato (26-36 d.C.)
    - ✓ Paulo en Corinto no 49-51 d.C.
  - Ministerio e morte de Xesús cara o final dos anos vinte e principios dos trinta (difusión cristianismo, conversión e primeiros pasos no cristianismo de Paulo, "concilio de Xerusalén",...)

Contexto histórico: Cronoloxía

- **Precisando un pouco máis, inicio ministerio e morte:**
  - Sincronismo lucano Lc 3,1-2:

No ano **quince do reinado do emperador Tiberio César**, sendo **Poncio Pilato gobernador de Xudea** e **Herodes tetrarca de Galilea**; sendo **Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide**, e Lisanias, tetrarca de Abilene. Durante o pontificado de Anás e Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto.

- ✓ **O ano 15 de Tiberio sería entre o 26-29 d.C.**
- ✓ Poncio Pilato (26-36 d.C.)
- ✓ Herodes Antipas (4 a.C.-39 d.C.)
- ✓ **Filipo (4 a.C.-33/34 d.C.)**
- ✓ Caifás (18-36 d.C.)

  - Segundo os evanxeos, ministerio de Xesús mínimo un ano (2-3 anos)
  - O máis plausible para a morte entre o 28 d.C-33 d.C.

Contexto histórico: Cronoloxía

- **Precisando un pouco máis, nacemento:**
  - Tanto Lucas como Mateo sitúan o nacemento de Xesús nos tempos do rei Herodes (37 a.C.-4 a.C.)
  - Herodes manda matar a todos os nenos menores de dous anos, polos cálculos feitos (tope máximo)
  - Xesús nacería entre o 7-4 a.C.
  - Ao inicio do ministerio de Xesús Lucas fala duns trinta anos (Lc 3,23), tendo en conta o 26-29 d.C. do ano 15 de Tiberio tería 30-36 anos

Contexto histórico: Cronoloxía

- **Precisando un pouco máis, dúas datas do ministerio público:**
  - Ao inicio do ministerio de Xesús Lucas fala duns trinta anos (Lc 3,23), tendo en conta o 26-29 d.C. do ano 15 de Tiberio tería 30-36 anos)
  - Ao comezo do ministerio de Xesús en Xn 2,19-20:

    Respondeulles Xesús: "Derrubade este templo e erguereino en tres días". Replicáronlle os xudeus: "Corenta e seis anos levou edificar este templo, e halo erguer ti en tres días?"

    ✓Na Pascua do ano 28 d.C.

Contexto histórico: Cronoloxía

- **A Última Cea e a morte de Xesús:**
  - Todos os evanxeos sitúan a Última Cea un xoves e a morte un venres
  - Os sinópticos e Xoán difiren no día de Pascua, para os sinópticos o venres e para Xoán o sábado
  - Dúas vantaxes da cronoloxía xoánica:
    - ❑ A liberación dun preso pola Pascua
    - ❑ A utilización dunha casa amplia en Xerusalén para cear o día antes da cea pascual
  - A Pascua caeu en sábado o 7 de abril do ano 30 d.C. e o 3 de abril do ano 33 d.C.
  - Polas deducións anteriores de comezo do ministerio de Xesús a data máis plausible é o 7 de abril do ano 30 d.C.



Contexto histórico: Cronoloxía

- **Resumen:**
  - Xesús naceu sobre o 6 a.C.
  - Iniciou o seu ministerio a comezos do ano 28 d.C.
  - Celebrou unha solemne cea de despedida un xoves 6 de abril do ano 30 d.C.
  - Morreu pasadas as tres da tarde, antes da posta do sol, do 7 de abril do ano 30 d.C.
  - As mulleres foron ao sepulcro a mañá do 9 de abril do ano 30 d.C.



O texto do NT

Introdución

- **O Novo Testamento é a obra da Antigüedade mellor testemuñada:**
  - Moitos manuscritos antigos anteriores á imprenta
  - Pouco espazo de tempo entre a redacción e os primeiros testemuños escritos conservados
  - Gran desenvolvemento da crítica textual
  - Gran cantidade de versións en diferentes idiomas e moi antigas
  - Presenza de citas en escritos dos Pais da Igrexa

Introdución

- **Comparativa do NT coas principais obras literarias da Antigüidade:**



Introdución

- O manuscrito máis antigo atopado do NT é o papiro 52
- Está datado no ano 125 d.C
- Contén algúns versos do evanxeo de Xoán (Xn 18,31-33), que foi redactado ao redor do ano 90 d.C.
- Todo o evanxeo de Xoán está testemuñado a finais do s. II e principios do III
- A finais do s. III teríamos os evanxeos sinópticos completos

Introdución

& O NT é a literatura antiga mellor testemuñada:



Introdución

No se puede mostrar la imagen. Puede que su equipo no tenga suficiente memoria para abrir la imagen o que ésta esté dañada. Reinicie el equipo y, a continuación, abra el archivo de nuevo. Si sigue apareciendo la x roja, puede que tenga que borrar la imagen e insertarla de nuevo.

O NT é a literatura antiga mellor testemuñada:

O texto grego do NT

- **Desde a imprenta aos nosos días:**
  - A imprenta marca un antes e un despois na historia da transmisión do texto
  - Agora o protagonismo pasa dos copistas aos editores
  - O primeiro en publicar un NT en grego foi Erasmo de Rotterdam en 1516
  - Utilizou media ducia de manuscritos minúsculos do tipo bizantino, que non contiñan todo o NT, polo que retrotraduciu pasaxes do latín ao grego
  - A súa edición tivo moito éxito por ser el o editor, é o chamado "textus receptus"
  - A cuarta edición (1551) inclúe a numeración por primeira vez en versos (en capítulos no s. XIII)



NOVVM IN

ſtrumentū omne, diligenter ab ERASMO ROTERODAMO recognitum & emendatum, nō ſolum ad græcam ueritatem, uerumetiam ad multorum utriuſq; linguæ codicum, eorumq; ueterum ſimul & emendatorum fidem, poſtremo ad probatiſſimorum autorum citationem, emendationem & interpretationem, præcipue, Origenis, Chryſoſtomi, Cyrilli, Vulgarij, Hieronymi, Cypriani, Ambroſij, Hilarij, Auguſtini, una cū Annotationibus, quæ lectorem doceant, quid qua ratione mutatum ſit.

Quiſquis igitur amas ueram Theologiam, lege, cognoſce, ac deinde iudica. Neq; ſtatim offendere, ſi quid mutatum offenderis, ſed expende, num in melius mutatum ſit.

APVD INCLYTAM GERMANIAE BASILEAM.

CVM PRIVILEGIO MAXIMILIANI CAESARIS AVGVSTI, NE QVIS ALIVS IN SACRA ROMANI IMPERII DITIONE, INTRA QVATVOR ANNOS EXCVDAT, AVT ALIBI EXCVSVM IMPORTET.

O texto grego do NT

- **Desde a imprenta aos nosos días:**
  - Actualmente hai dúas edicións do NT que son as máis usadas, que desde 1979 comparten o mesmo texto:
    - **Novum Testamentum Graece** (NA^{28}, 2012). Está editando por Eberhard Nestle e Kurt Aland, tende a ser exhaustivo á hora de presentar as variantes do NT, pero non proporciona una lista de todos os manuscritos que apoian cada una das variantes
    - **The Greek New Testament** (GNT^{5}, 2014), é froito do traballo dun comité ecuménico (C.M. Martini na parte católica). Só aparecen as variantes máis significativas, pero con todos os manuscritos que apoian cada variante. As variantes van acompañadas dunha letra: A, cando o texto proposto é seguro; B, cando é case seguro; C, cando é bastante seguro pero non houbo unanimidade no comité; e D, cando hai inseguridade



O obxectivo da crítica textual

- **A crítica textual debe decidir entre varias lecturas diferentes dun mesmo texto cal é a máis próxima ao orixinal e determinar as razóns polas que se orixinou esa lectura variante secundaria**
- **Polo tanto a crítica textual estuda o proceso de transmisións dos manuscritos bíblicos para poder explicar as diferentes variantes textuais**
- **O obxectivo é chegar ao texto máis próximo ao manuscrito orixinal, que pode ser reconstruído en base aos manuscritos existentes**
- **Dúas etapas:**
  - Coleccionar e reunir todas as lecturas variantes dun mesmo texto (manuscritos gregos, versións antigas, citas)
  - Discernir entre as diferentes variantes cal é a máis próxima ao orixinal



PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DE CRÍTICA TEXTUAL

- **Agrupar os manuscritos en familias**
- **Usar correctamente as versións antigas e citas dos Pais**
- **Coñecer os diversos tipos de erros dos copistas para discernir**
- **Dous tipos de criterios para discernir:**
  - **Crítica externa**: avalía o apoio manuscrito de cada variante
  - **Crítica interna**: avalía as posibilidades lóxicas de cada variante sen ter en conta o apoio textual
- **Saber combinar ámbalas dúas**
- **Evitar conxecturas (sen apoio textual)**



PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DE CRÍTICA TEXTUAL

- **Crítica externa:**
  - **Tempo**:
    - Os manuscritos máis antigos son máis próximos ao orixinal e menos sometidos a erros
    - Para o AT Qumrán
    - Para o NT os papiros dos séculos II-III d.C.
    - Sen absolutizar, xa que Qumrán é unha comunidade marxinal e os papiros dos primeiros séculos foron copiados con técnicas "caseiras"
  - **Lugar**:
    - Unha lectura apoiada por testemuños de procedencias xeográficas diversas ten máis valor
  - **Peso**:
    - Os manuscritos deben ser pesados non contados
    - Valórase a calidade non a cantidade (bizantinos)
    - Son clave a xerarquización das familias textuais



PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DE CRÍTICA TEXTUAL

- **A crítica interna baséase en catro regras que nacen da observación dos hábitos dos copistas:**
  1. ***Lectio difficilior praestat facili*** (débese preferir a lectura difícil á fácil)
  2. ***Lectio brevior praestat longiori*** (débese preferir a lectura breve á longa)
  3. ***Lectio difformis a loco parallelo praestat conformi*** (En caso de texto paralelos, débese preferir a lectura que non concorda co seu paralelo a aquela que si o fai)
  4. ***Illa est genuina lectio, quae ceterum originem explicat*** (A lectura orixinal é aquela que explica a orixe das demais)



ERROS NA TRANSMISIÓN DO TEXTO

- **Cambios involuntarios relacionados coa vista, co oído, coa memoria ou de xuízo (división de palabras)**
- **Cambios deliberados para aclarar dificultades:**
  - Tenta cambiar ou eliminar posibles dificultades textuais:
    - ❑ Mt 27,9 hai catro lecturas diferentes: [A]

Entón cumpriuse o anunciado polo profeta **Isaías** cando dixo: it^{a}

Entón cumpriuse o anunciado polo profeta **Xeremías** cando dixo: B ℵ L Δ Θ f^{1} f^{13} 180 565 579 597 arm eth geo Iren Euseb

Entón cumpriuse o anunciado polo profeta **Zacarías** cando dixo: *l*858 syr Orig Jerom August

Entón cumpriuse o anunciado polo **profeta** cando dixo: Φ 33 157 *l*1074 $it^{b,c}$ $syr^{s,p}$ cop eslav August

ERROS NA TRANSMISIÓN DO TEXTO

- **Cambios deliberados por motivos doutrinais:**
  - Suceden cando o copista ten diante lecturas que eran susceptibles de desviación doutrinal
    - ❑ Lc 2,33: [B]

Xosé e a súa nai estaban abraiados polo que se dicía do neno A Ψ Δ Θ f^{13} 28 33 157 180 205 565 597 892 1006 1010 1243 1292 1342 1424 1505 it syr cop Hesic Hilar

O seu pai e a súa nai estaban abraiados polo que se dicía do neno B א L D W f^{1} 700 1241 it vg geo eslav Orig August

O canon do NT


EVANGELIOS Y HECHOS
Mateo Mt 1
Marcos Mc 2
Lucas Lc 3
Juan Jn 4
Hechos Apóstoles Hch 5
CARTAS DE PABLO
Romanos Rom 6
1 Corintios 1 Cor 7
2 Corintios 2 Cor 8
Gálatas Gal 9
Efesios Ef 10
Filipenses Flp 11
Colosenses Col 12
1 Tesalonicenses 1 Tes 13
2 Tesalonicenses 2 Tes 14
1 Timoteo 1 Tim 15
2 Timoteo 2 Tim 16
Tito Tit 17
Filemón Flm 18
CARTAS
Hebreos Heb 19
Santiago Sant 20
1 Pedro 1 Pe 21
2 Pedro 2 Pe 22
1 Juan 1 Jn 23
2 Juan 2 Jn 24
3 Juan 3 Jn 25
Judas Jds 26
APOCALIPSIS
Apocalipsis Ap 27
NUEVO TESTAMENTO
PROFÉTICOS
Isaías Is 22
Jeremías Jr 23
Baruc Bar 24
Ezequiel Ez 25
Daniel Dn 26
Oseas Os 27
Joel Jl 28
Amós Am 29
Abdías Ab 30
Jonás Jon 31
Miqueas Mq 32
Nahúm Nah 33
Habacuc Hab 34
Sofonías Sof 35
Ageo Ag 36
Zacarías Zac 37
Malaquías Mal 38
POÉTICOS
Salmos Sal 39
C. Cantares Cant 40
Lamentaciones Lam 41
SAPIENCIALES
Proverbios Prov 42
Job Job 43
Eclesiastés Ecl 44
Eclesiástico Ecls 45
Sabiduría Sab 46
PENTATEUCO
Génesis Gn 1
Éxodo Ex 2
Levítico Lv 3
Números Nm 4
Deuteronomio Dt 5
HISTÓRICOS
Josué Jos 6
Jueces Jue 7
1 Samuel 1 Sam 8
2 Samuel 2 Sam 9
1 Reyes 1 Re 10
2 Reyes 2 Re 11
1 Crónicas 1 Cr 12
2 Crónicas 2 Cr 13
Esdras Esd 14
Nehemías Neh 15
1 Macabeos 1 Mac 16
2 Macabeos 2 Mac 17
DIDÁCTICOS
Rut Rut 18
Tobías Tob 19
Judit Jdt 20
Ester Est 21
ANTIGUO TESTAMENTO

FORMACIÓN DO NT





A FORMACIÓN DO CANON DO NT

- **Factores que contribuíron á elaboración do canon:**
  - O cristianismo non naceu como unha relixión do libro
  - Os factores decisivos na súa orixe foron a persoa de Xesús (norma suprema) e a predicación dos apóstolos xunto coa vida das comunidades
  - O AT foi aceptado como Escritura que explica, anuncia e confirma o mesianismo de Xesús
  - A tradición oral foise solidificando en Escritura a través da súa lectura nas comunidades cristiás, especialmente no

A FORMACIÓN DO CANON DO NT

- **Factores que contribuíron á elaboración do canon:**
  - Factores externos que interviron na formación do canon (non decisivos):
    - As controversias marcionitas e montanistas
    - A importancia das opinións de teólogos como Oríxenes, Atanasio e Xerónimo
    - As distancias xeográficas e culturais das distintas Igrexas
    - As diferentes orientacións teolóxicas dos grandes centros cristiáns (Alexandría, Antioquía e Roma)
    - Certas rivalidades históricas entre cidades
    - As decisións eclesiais oficiais (fins do s. IV)
    - A popularización do códice (ata o s. IV non se facían códices con moitas follas)
  - A partir do s. VI houbo práctica unanimidade da Igrexa con respecto ao canon do NT
  - Esta unanimidade quedaría sancionada definitivamente en Trento



O CANON DO NT

- **Últimas afirmacións sobre o canon do NT:**
  - **Concilio Vaticano II (Dei Verbum 20)**:

O canon do Novo Testamento, ademais dos **catro Evanxeos**, comprende as **cartas de Paulo** e **outros escritos apostólicos** **inspirados polo Espírito Santo**. Estes libros, segundo o sabio **plan de Deus**, confirman a realidade de **Cristo**, van explicando a súa **doutrina** auténtica, proclaman a forza **salvadora** da obra divina de Cristo, contan os comezos e a difusión marabillosa da **Igrexa**, predín a súa **consumación gloriosa**.

  - **P.C.B. "La inspiración y la verdad de la Escritura", n. 60 (2014)**:

Toda literatura ten os seus **libros clásicos**. Un clásico procede do mundo cultural dun determinado pobo, pero ao mesmo tempo amplía a linguaxe de aquela sociedade, e impónse como modelo para os futuros escritores. **Un libro convértese en clásico non porque o decrete unha autoridade**, senón porque é recoñecido como tal polos máis cultos do pobo. Tamén moitas relixións teñen, por dicilo así, os seus clásicos. […] O mesmo fenómeno deuse tamén entre os **xudeus hebreos**, que, pola súa conciencia especial de ser o pobo elixido por Deus, identifícanse substancialmente coa súa tradición relixiosa. Entre os diversos escritos conservados nos seus arquivos os escribas elixiron, por tanto, aqueles que contiñan as **leis** sagradas, o relato da súa **historia nacional**, os **oráculos proféticos** e a recompilación dos **ditos sapiencias** nos que o pobo hebreo podía verse reflexado e recoñecer a orixe da súa fe E o mesmo sucedeu entre **os cristiáns** dos primeiros séculos, cos **escritos apostólicos** agora contidos no Novo Testamento.

Arqueoloxía do NT

Arqueoloxía e Novo Testamento

- Para os arqueólogos a prioridade para coñecer o pasado está nas ruínas de construcións (lugares) e nos obxectos de uso (vasillas, puntas de frecha, utensilios de bronce ou de ferro e moedas), non nos textos bíblicos
- Nos evanxeos aparecen lugares (Nazaret, Caná, Betsaida...) e aparecen obxectos de uso (vasillas, utensilios e moedas)
- Non existe a arqueoloxía bíblica como disciplina, xa que a Biblia non necesita da arqueoloxía nin a arqueoloxía da Biblia
- Arqueólogos e eséxetas teñen que traballar por separado pero dialogando para iluminarse recíprocamente (interdisciplinariedade)



Arqueoloxía e Novo Testamento

- **Nas poboacións xudías (xudeanas) de Galilea e Xudea catro elementos identificadores:**
  - Vasos, cuncos, copas e vasillas de pedra
  - As mikvaot (pequenas piscinas para baños xudeus para a purificación ritual),
  - Técnicas comúns de enterramento
  - Ausencia de ósos de porco entre os refugallos animais
- **A demografía de Galilea:**
  - Aldeas como Nazaret (200-400 h)
  - Vilas como Cafarnaúm (2.000 h)
  - Cidades como Séforis ou Tiberíades (12.000 h)
- **Demografía de Xudea:**
  - Cesarea Marítima (20.000 h)
  - Xerusalén (40.000-90.000 h) vivendas ao norte da porta de Damasco anteriores ao ano 70 d.C?

Arqueoloxía e Novo Testamento

- **Xesús e o grupo dos seus discípulos tiveron un impacto arqueolóxico practicamente nulo**
- **Nazaret**
  - Entre 200-400 habitantes
  - Non se atopou ningunha estrutura de obra pública da época de Xesús (sinagoga, rúa pavimentada ou fortificación)
  - Atopáronse muíños, prensas, cisternas...
  - A poboación vivía en sinxelas casas de labradores (feitas de pedra e barro e con teito de palla)
  - Aproveitábanse pequenas cavidades na rocha para facer habitáculos
  - Era unha aldea de repoboación asmonea
  - Situada a 6 km de Séforis, capital da Galilea ata a construción de Tiberíades (20 d.C.)

Arqueoloxía e Novo Testamento

- **Cafarnaúm**
  - Ao redor de 2.000 habitantes
  - Unha vila que vivía da pesca do lago, agricultura de subsistencia e aduana
  - Atopáronse unhas termas romanas, difíciles de datar, parecen da época de Adriano, s. II d.C
  - Carecía de edificios públicos importantes (sinagoga?) e non estaba fortificada
  - Non se atoparon *miqvaot* (baños no lago, dureza do basalto e pobreza ou indicio dun xudaísmo máis liberal?)
  - Casas semellantes ás de Nazaret, sen pedras talladas
  - Numerosos cuncos e recipientes de pedra

Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **“A barca de Xesús” (Mc 3,9; 4,1.35-38): Xesús móvese en barca polo lago de Galilea**
  - En 1986, debido á seca, quedou a descuberto no lago de Galilea un barca (2,5 m x 7,8 m) que se datou (polos obxectos e a madeira) no s. I d.C.

Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **“A barca de Xesús” (Mc 3,9; 4,1.35-38): Xesús móvese en barca polo lago de Galilea**
  - En 1986, debido á seca, quedou a descuberto no lago de Galilea un barca (2,5 m x 7,8 m) que se datou (polos obxectos e a madeira) no s. I d.C.



Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **A piscina de Bethesda (Xn 5,2-9): Xesús cura a un tolleito na piscina de Bethesda, que ten cinco pórticos**
  - Nos anos cincuenta escavouse preto da igrexa de Santa Ana en Xerusalén e apareceu a famosa piscina, que en realidade é dobre cos seus cinco pórticos

Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **Os relatos da paixón (Mt 26; Xn 18): Caifás é o Sumo sacerdote que dirixe o prendemento e interrogatorio contra Xésús. O Sanedrín reúnese na súa casa**
  - En 1990 atopouse en Xerusalén, un osario ricamente decorado co nome de Xosé Caifás, os nomes dos outros enterramentos concordan coa familia do Sumo Sacerdote



Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **Poncio Pilato (Lc 3,1; Feit 4,27; 1 Tim 6,13): Poncio Pilato era o gobernador de Xudea durante o ministerio público de Xesús**
  - En 1962 atopouse unha inscrición en Cesarea Marítima. Destaca porque afirma que Poncio Pilato era prefecto, non procurador e era o primeiro testemuño físico da súa existencia

[DIS AUGUSTI]S TIBERIÉUM
[...PO]NTIUS PILATUS
[...PRAEF]ECTUS IUDA[EA]E
[...FECIT D]E[DICAVIT]



Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **Poncio Pilato (Lc 3,1; Feit 4,27; 1 Tim 6,13): Poncio Pilato era o gobernador de Xudea durante o ministerio público de Xesús**
  - En novembro de 2018 sóubose da existencia dun anel coa inscrición “Pilato” atopado nunhas escavacións feitas entre 1968 e 1969 no Herodion (12 km ao sur de Xerusalén) datado antes do 70 d.C.

Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **O Gólgota (Mc 15,22): Xesús foi conducido para ser crucificado nun lugar chamado Gólgota (lugar da caveira), fóra da cidade**
  - Hai datos dunha antiga tradición xerosolimitana, de comezos do s. II que sitúa este lugar dentro do que hoxe é a basílica do Santo Sepulcro





Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **A crucifixión (Mc 15,25.27): Chegados ao Gólgota crucifican a Xesús xunto con dous bandidos aos que lles parten as pernas**
  - En 1968 apareceu ao norte de Xerusalén unha sepultura cos restos de dúas persoas, unha das cales morrera crucificado

Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **A crucifixión (Mc 15,25.27): Chegados ao Gólgota crucifican a Xesús xunto con dous bandidos aos que lles parten as pernas**
  - En 1968 apareceu ao norte de Xerusalén unha sepultura cos restos de dúas persoas, unha das cales morrera crucificado





Restos arqueolóxicos que ilustran temas bíblicos

- **A crucifixión (Mc 15,25.27): Chegados ao Gólgota crucifican a Xesús xunto con dous bandidos aos que lles parten as pernas**
  - En 1968 apareceu ao norte de Xerusalén unha sepultura cos restos de dúas persoas, unha das cales morrera crucificado